

CONCURSO DESEÑO DE LOGOTIPO DO CPI CERNADAS DE CASTRO

1.- OBXECTIVO:

Deseñar un logotipo destinado a ser a imaxe representativa do colexio e que figurará en todos os documentos oficiais así como na páxina web do mesmo.

2.- PARTICIPANTES:

Todo o alumnado do CPI Cernadas de Castro.

3.- PROPOSTA:

A.- O deseño deberá ser orixinal e inédito.

B.- O logotipo deberá reflexar algún aspecto relacionado co centro educativo ou da contorna na que se asenta: vida e obra de Diego Antonio Cernadas e Castro, a paisaxe, a historia, os monumentos...

C.- Deberá aparecer o texto: CPI Cernadas de Castro. O lugar de ubicación do nome dependerá do deseño, pero recoméndase que apareza na parte inferior.

D.- Aconséllase seguir as recomendacións elaboradas polo departamento de Educación Plástica e Visual.

4.- ENTREGA:

Soporte

- En soporte dixital (nun pendrive ou envialo por correo: logocernadas@gmail.com).
- Impreso en papel tamaño máximo A4.

Datos

Tanto si se envía por correo como si se entrega impreso, deberán constar os seguintes datos do autor:

- Nome e apelidos.
- Curso e grupo.
- Breve descrición da idea principal do deseño.

Data límite de entrega

- Os deseños poderán presentarse ata o 15 de abril de 2016.

5.- XURADO:

- Farase unha preselección entre todos os traballos presentados que pasarán a ser avaliados polo xurado do concurso.
- O xurado estrá composto por:
 - Un membro da dirección do centro.
 - O xefe do departamento de Ed. Plástica e Visual.
 - Un representante do profesorado de Primaria.
 - Un representante do profesorado de Infantil.
 - Un representante da ANPA.
 - Un representante do persoal non docente.
 - Un representante do Concello de Lousame.
 - Un alumno/a representante do alumnado da ESO, preferiblemente que sexa membro do Consello Escolar ou delegado/a dalgún curso.
 - Un alumno/a de 5º ou 6º de Primaria como representante do alumnado de Infantil e Primaria.
- O xurado pode declarar deserto o concurso se estima que os traballos non presentan a calidade suficiente.

6.- PREMIOS:

1º.- Tablet Samsung Galaxy Tab A, lote de libros e diploma.

2º.- Cámara deportiva National Geographic - 12 MP e HD, lote de libros e diploma.

3º.- Altoparlante inalámbrico Sony, lote de libros e diploma.

7.- PROPIEDAD INTELECTUAL:

Os deseños premiados pasarán a ser propiedade exclusiva e permanente do CPI Cernadas de Castro.

O centro escolar terá a completa liberdade para utilizar o logotipo total ou parcialmente así como modificalo se o estima necesario.

8.- ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación neste concurso implica a aceptación das bases.